

Cursos intensivos de verán de español como lingua estranxeira.

Lingua e cultura

TIPO: Intensivo

Cursos enfocados a estudantes que veñan formarse na lingua e cultura españolas nos períodos de xuño e xullo. Cursos para aquel alumnado que quere aprender aspectos lingüísticos e culturais do español de forma intensiva, compaxinando os seus estudos con turismo (praia, montaña, gastronómico,...) ou outras actividades e lecer. O alumnado ten a posibilidade de matricularse por períodos semanais cun mínimo de 2 semanas e un máximo de 6 semanas.



DURACIÓN: 40 horas (2 semanas), 80 horas (4 semanas), 120 horas (6 semanas). Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

LUGAR: Campus de Vigo. Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

Ofrécense os seguintes **niveis**:

	OPCIÓN 1	OPCIÓN 2
do 12 de xuño ao 23 de xuño	A2.2	B1.2
do 26 de xuño ao 7 de xullo	B1.1	B2.1
do 10 de xullo ao 21 de xullo	B1.2	B2.2

CARACTERÍSTICAS DOS CURSOS:

- Cursos destinados a calquera persoa interesada en aprender ou mellorar o seu nivel de lingua e cultura españolas dunha forma rápida e intensiva.
- Ofrécense os niveis A2, B1 e B2 do MCER dependendo do período. Nesta ligazón tes máis información sobre os niveis do Marco Común Europeo de Referencia ([MCER](#)).
- 120 horas de clase que se poden realizar en diferentes bloques podendo cursar só 40 horas, é dicir, unha quincena.
- Recoñecidos con créditos ECTS a condición de que se asista a un mínimo do 85% das clases.
- Ao final do A2.2, B1.2 e B2.2 realízase un exame no que se avalían as 4 destrezas.
- O CdL expide un certificado ao final do curso no que constan os créditos ECTS obtidos e a cualificación do exame de certificación de nivel. En caso de cursar só unha quincena e ser esta quincena a primeira de cada mes, non existiría a posibilidade de obter unha certificación de nivel.
- As clases teñen lugar de luns a venres en sesións de 4 horas: de 9:30 a 14 horas cun descanso de media hora.
- Os grupos teñen un mínimo e un máximo de alumnado.



Obxectivos

Adquirir coñecementos elementais, intermedios ou avanzados de lingua e cultura españolas.

Contidos académicos:

- Contidos teórico-prácticos: clases de gramática e exercicios adaptados ao nivel e necesidades concretas de cada grupo.
- Contido de conversa e cultura. Clases con dous obxectivos: desenvolver actividades dirixidas a facilitar a interacción e a comunicación na vida diaria do alumnado, dentro e fóra da Universidade; e en segundo lugar, facilitar ao alumnado o acceso a coñecementos básicos da cultura española en xeral e da galega en particular.

Os cursos intensivos de verán ofrecen unha visita didáctica por quincena incluída no prezo (unha visita didáctica guiada pola cidade de Vigo, visita a un castro, a unhas ruínas romanas, ao Museo de Arte Contemporánea, ao Museo do Mar, etc.).



Os cursos intensivos de verán pódense combinar con outras visitas de carácter didáctico ou excursións que non están incluídas no prezo do curso: visita a unha adega de viño de

denominación de orixe Rías Baixas, visita a unhas bateas de mexillóns, taller gastronómico, excursión a Santiago de Compostela, etc.

En cada nivel poderase utilizar un manual de español como lingua estranxeira ou material específico para cada nivel e cada profesora recomendará o uso dunha gramática específica.

Como acceder

Certificado de nivel anterior ao que se quere cursar (obtido nos últimos tres anos) ou proba de nivel.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA:

é necesario asistir ao 85 % das clases.

CERTIFICADO DE NIVEL:

é necesario superar o exame final do curso.



Prezos

- **2 semanas:** 290€ + 150€ de gastos de inscrición que inclúen a reserva da praza no curso e os materiais didácticos utilizados.
- **4 semanas:** 680€ + 150€ de gastos de inscrición que inclúen a reserva da praza no curso e os materiais didácticos utilizados.
- **6 semanas:** 1020€ + 150€ de gastos de inscrición que inclúen a reserva da praza no curso e os materiais didácticos utilizados.